



ANEXO VI:

“PLAN DE CONTINXENCIA DO CEIPP ANXO DA GARDA”

O Plan de Continxencia do CEIPP Anxo da Garda ten por finalidade:

- Establecer as actuacións diante da aparición de casos sospeitosos de covid-19.
- Establecer as actuacións en caso de peche dunha aula ou do centro como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial.
- Establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial, de ser o caso.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN GROMO

1. **Non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un **espazo separado de uso individual (espazo habilitado e sinalizado no salón de actos)**, colocaráselle unha máscara cirúrxica ou FFP2 (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

3. Débese **chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, Centro de Saúde do Castrillón (981132925), ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.** O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. De confirmarse o positivo, o equipo COVID do centro escolar comunicarao ao equipo Covid-escola do centro de saúde do Castrillón.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a **persoa coordinadora** do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta na Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.

5 **A familia** dun neno ou nena con **sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de **solicitude dun test diagnóstico**. Se non houbese cita para ese mesmo día, acudirá ao centro de saúde para a valoración polo médico de atención primaria.

6. **Tras a aparición dun caso** diagnosticado da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte do centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. **A Autoridade Sanitaria**, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, determinará en cada caso o **número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena** o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola Autoridade Sanitaria.

8. **A Autoridade Sanitaria**, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas**, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

9. A aparición dun **contaxio sospeitoso con posterior confirmación** é un suposto de **declaración obrigatoria** que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena no caso da persoa enferma e de todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

10. **A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación** das normas previstas no presente protocolo relativas ao **ensino a distancia**. A Autoridade Sanitaria poderá volver avaliar esta situación e revertila.

11. Na medida do posible o centro realizará simulacións que permitan ter establecido o protocolo de actuación no caso de peche. Neste proceso contaremos co apoio dos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado e da Inspección Educativa.

12. O centro comunicará ás familias a concreción do protocolo en caso de peche mediante a súa publicación na páxina web do centro, e aviso desta publicación a través de Abalarmóbil.

13. A concreción das necesidades de recursos do alumnado-familias para o ensino a distancia derivadas dunha situación de peche manterase debidamente actualizada en coordinación coa Inspección Educativa.

14. **O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión** ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

15. O profesorado deste centro xa adquiriu a formación básica necesaria facilitada polos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado a través do propio centro educativo. Pero o feito de que nunca se levou a cabo un ensino a distancia con estas características fai sospeitar que, na aplicación práctica destes coñecementos, o profesorado poderá precisar de asesoramento. Igualmente, a formación que o profesorado recibe para o manexo das ferramentas non o faculta para formar no manexo das mesmas ao seu alumnado (didáctica da informática), o que na práctica vai supor unha dificultade engadida.

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

16. As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.

17. O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado a participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia, independentemente da situación de peche ou confinamento. O alumnado que durante as clases virtuais amose unhas actitudes incompatibles cos principios de respecto e convivencia cara aos outros compañeiros/as ou ao mestre/a, ou que manteña actitudes que imposibiliten ou dificulten gravemente o desenvolvemento da clase virtual (feito concreto ou continuado) poderá ser expulsado da mesma polo mestre/a que estea impartindo dita clase. Mesmo a propia sesión poderá ser interrompida e cancelada por parte do mestre/a se a actitude incorrecta fose maioritaria. Ademais, a asistencia ás clases virtuais é obrigatoria e levarase rexistro das faltas da mesma forma ca no ensino presencial.

18. Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.

19. **O mesmo día do peche:**

- a) A dirección do centro enviará unha comunicación a través de abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro.
- b) O profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, a través da aplicación abalarMóbil ou a través da aula virtual. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros.

20. **O ensino non presencial** será impartido polo **profesorado ordinario** do alumnado.

O profesorado de 3º a 6º de E.P. empregará **as plataformas institucionais: webex e aula virtual** de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles, ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería.

O profesorado de E.I., 1º e 2º de E.P. empregará os mesmos medios ou aqueles que máis se axusten ás características do seu alumnado.

Todo o profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma. Ademais deberá manter contacto permanente co alumnado e coas familias, preferentemente a través das aplicacións Abalarmóbil, Webex ou correo electrónico corporativo. Tamén por vía telefónica.

21. Garantirase en todo momento a atención á diversidade do alumnado, para o que se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.

22. O Centro informará á Inspección Educativa das necesidades de recursos tecnolóxicos do alumnado e das súas familias. A Inspección dará traslado destas necesidades aos servizos centrais para facilitar a súa cobertura inmediata.

23. Adoptaranse criterios unificados que dependerán da extensión e alcance do peche e, polo tanto, das necesidades en cada momento. Os equipamentos entregaranse ao centro educativo que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.

24. Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo que se atopa dispoñible como Anexo II.

25. Unha vez superada a situación de confinamento ou peche, o centro educativo, no prazo máximo de 3 días, deberá recompilar todos os equipos cedidos para ser logo recollidos por AMTEGA.

26. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

27. **Durante o período de suspensión** da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes **medidas**:

a) O centro seguirá unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado (anexo I deste plan) que reflicte o establecido no modo presencial, de xeito que se manteña o vínculo co alumnado do modo máis coherente posible, tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve, de acordo co previsto na Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.

Con todo, serán inevitables múltiples circuntancias desfavorables para levar a cabo este plan:

- Escasa autonomía do alumnado debida á súa idade e nivel de madurez para levar a cabo en por si o traballo virtual.
- Escasa formación da meirande parte das familias do alumnado para asumir o apoio aos seus fillos/as.
- Escasa dispoñibilidade de tempo en moitas familias para acompañar aos seus fillos/as.
- Dificultades lóxicas no alumnado de educación primaria para o manexo dos medios ofimáticos e telemáticos (uso do teclado, manexo de imaxes e documentos, formatos dos mesmos, manexo de programas e aplicacións...)
- Posibles dificultades intrínsecas dos medios empregados (fallos de conexións, coberturas e outras incidencias esperables).

b) **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.

c) **Actualizar a aula virtual** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

d) **Realizar tarefas de desinfección** profundas no centro.

e) **Revisar o protocolo** para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

28. Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro, retomarase a actividade educativa ordinaria presencial seguindo as indicacións das autoridades sanitarias e educativas competentes.

29. Estas indicacións serán debidamente comunicadas a través de Abalarmóbil e publicadas na páxina web do Centro.

30. As familias do alumnado que recibise equipos informáticos, deberán devolvelos ao centro o mesmo día en que o alumnado se reincorpora á actividade presencial.

ANEXO I: HORARIOS ESPELLO

HORARIO ESPELLO 3ºA - M^a Luisa Vidal 2020/2021

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1^a 9:00-9:30	Webex (lingua castellana)	Webex (lingua galega)	Webex (matemáticas)	Webex (matemáticas)	Webex (inglés)
9:30-9:50	Traballo do alumno/a (lingua castellana)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (inglés)
2^a 9:50-10:20	Webex (relixión/valores)	Webex (música)	Webex (educ. física)	Webex (arts&crafts)*	Webex (lingua galega)
10:20-10:40	Traballo do alumno/a (relixión/valores)	Traballo do alumno/a (música)	Traballo do alumno/a (educ. física)	Traballo do alumno/a (arts&crafts)*	Traballo do alumno/a (lingua galega)
3^a 10:40-11:10	Webex (ciencias sociais)	Webex (lingua galega)	Webex (lingua castellana)	Webex (inglés)	Webex (lingua galega)
11:10-11:30	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (lingua castellana)	Traballo do alumno/a (inglés)	Traballo do alumno/a (lingua galega)
11:30-12:00	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura
12:00-12:30	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer
4^a 12:30-13:00	Webex (matemáticas)	Webex (inglés)	Webex (lingua castellana)	Webex (lingua castellana)	Webex (matemáticas)
13:00-13:15	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (inglés)	Traballo do alumno/a (lingua castellana)	Traballo do alumno/a (lingua castellana)	Traballo do alumno/a (matemáticas)
5^a 13:15-13:45	Webex (educ. física)	Webex (ciencias sociais)	Webex (ciencias sociais)	Webex (ciencias natureza)	Webex (ciencias natureza)
13:45-14:00	Traballo do alumno/a (educ. física)	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)	Traballo do alumno/a (ciencias natureza)	Traballo do alumno/a (ciencias natureza)
16:00-17:00	Reunións de coordinación profesorado				
17:00-18:00	Titoría alumnado				
18:00-19:00	Titoría familias				

HORARIO ESPELLO 3ºB - Cristina Budiño 2020/2021

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª 9:00-9:30	Webex (matemáticas)	Webex (educ. física)	Webex (matemáticas)	Webex (matemáticas)	Webex (relixión/valores)
9:30-9:50	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (educ. física)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (relixión/valores)
2ª 9:50-10:20	Webex (música)	Webex (matemáticas)	Webex (lengua castellana)	Webex (inglés)	Webex (arts&crafts)*
10:20-10:40	Traballo do alumno/a (música)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (lengua castellana)	Traballo do alumno/a (inglés)	Traballo do alumno/a (arts&crafts)
3ª 10:40-11:10	Webex (lengua castellana)	Webex (lengua castellana)	Webex (inglés)	Webex (lengua castellana)	Webex (lingua galega)
11:10-11:30	Traballo do alumno/a (lengua castellana)	Traballo do alumno/a (lengua castellana)	Traballo do alumno/a (inglés)	Traballo do alumno/a (lengua castellana)	Traballo do alumno/a (lingua galega)
11:30-12:00	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura
12:00-12:30	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer
4ª 12:30-13:00	Webex (inglés)	Webex (lingua galega)	Webex (lingua galega)	Webex (lingua galega)	Webex (ciencias sociais)
13:00-13:15	Traballo do alumno/a (inglés)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)
5ª 13:15-13:45	Webex (ciencias natureza)	Webex (ciencias sociais)	Webex (ciencias sociais)	Webex (educ. física)	Webex (ciencias natureza)
13:45-14:00	Traballo do alumno/a (ciencias natureza)	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)	Traballo do alumno/a (educ. física)	Traballo do alumno/a (ciencias natureza)
16:00-17:00	Reunións de coordinación profesorado				
17:00-18:00	Titoría alumnado				
18:00-19:00	Titoría familias				

HORARIO ESPELLO 4º - Juan Antonio Vázquez 2020/2021

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª 9:00-9:30	Webex (música)	Webex (lingua galega)	Webex (relixión/valores)	Webex (educ. física)	Webex (ciencias natureza)
9:30-9:50	Traballo do alumno/a (música)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (relixión/valores)	Traballo do alumno/a (educ. física)	Traballo do alumno/a (ciencias natureza)
2ª 9:50-10:20	Webex (lingua castellana)	Webex (lingua galega)	Webex (lingua castellana)	Webex (matemáticas)	Webex (inglés)
10:20-10:40	Traballo do alumno/a (lingua castellana)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (lingua castellana)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (inglés)
3ª 10:40-11:10	Webex (lingua castellana)	Webex (matemáticas)	Webex (lingua castellana)	Webex (matemáticas)	Webex (ciencias sociais)
11:10-11:30	Traballo do alumno/a (lingua castellana)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (lingua castellana)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)
11:30-12:00	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura
12:00-12:30	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer
4ª 12:30-13:00	Webex (ciencias sociais)	Webex (matemáticas)	Webex (inglés)	Webex (lingua galega)	Webex (lingua galega)
13:00-13:15	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (inglés)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (lingua galega)
5ª 13:15-13:45	Webex (inglés)	Webex (educ. física)	Webex (ciencias natureza)	Webex (lingua galega)	Webex (arts&crafts)*
13:45-14:00	Traballo do alumno/a (inglés)	Traballo do alumno/a (educ. física)	Traballo do alumno/a (ciencias natureza)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (arts&crafts)
16:00-17:00	Reunións de coordinación profesorado				
17:00-18:00	Titoría alumnado				
18:00-19:00	Titoría familias				

HORARIO ESPELLO 5ºA - Ana Lorenzo 2020/2021

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª 9:00-9:30	Webex (lengua castellana)	Webex (inglés)	Webex (lengua castellana)	Webex (inglés)	Webex (lengua castellana)
9:30-9:50	Traballo do alumno/a (lengua castellana)	Traballo do alumno/a (inglés)	Traballo do alumno/a (lengua castellana)	Traballo do alumno/a (inglés)	Traballo do alumno/a (lengua castellana)
2ª 9:50-10:20	Webex (educ. física)	Webex (matemáticas)	Webex (matemáticas)	Webex (matemáticas)	Webex (matemáticas)
10:20-10:40	Traballo do alumno/a (educ. física)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (matemáticas)
3ª 10:40-11:10	Webex (lingua galega)	Webex (lengua castellana)	Webex (relixión/valores)	Webex (lingua galega)	Webex (lingua galega)
11:10-11:30	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (lengua castellana)	Traballo do alumno/a (relixión/valores)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (lingua galega)
11:30-12:00	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura
12:00-12:30	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer
4ª 12:30-13:00	Webex (música)	Webex (ciencias natureza)	Webex (ciencias natureza)	Webex (ciencias sociais)	Webex (inglés)
13:00-13:15	Traballo do alumno/a (música)	Traballo do alumno/a (ciencias natureza)	Traballo do alumno/a (ciencias natureza)	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)	Traballo do alumno/a (inglés)
5ª 13:15-13:45	Webex (matemáticas)	Webex (lingua galega)	Webex (educ. física)	Webex (arts&crafts)*	Webex (ciencias sociais)
13:45-14:00	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (educ. física)	Traballo do alumno/a (arts&crafts)	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)
16:00-17:00	Reunións de coordinación profesorado				
17:00-18:00	Titoría alumnado				
18:00-19:00	Titoría familias				

HORARIO ESPELLO 5ºB - Olalla Martínez 2020/2021

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª 9:00-9:30	Webex (inglés)	Webex (lingua galega)	Webex (matemáticas)	Webex (lingua galega)	Webex (lingua galega)
9:30-9:50	Traballo do alumno/a (inglés)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (lingua galega)
2ª 9:50-10:20	Webex (matemáticas)	Webex (lengua castellana)	Webex (relixión/valores)	Webex (lengua castellana)	Webex (lengua castellana)
10:20-10:40	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (lengua castellana)	Traballo do alumno/a (relixión/valores)	Traballo do alumno/a (lengua castellana)	Traballo do alumno/a (lengua castellana)
3ª 10:40-11:10	Webex (lingua galega)	Webex (matemáticas)	Webex (educ. física)	Webex (matemáticas)	Webex (matemáticas)
11:10-11:30	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (educ. física)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (matemáticas)
11:30-12:00	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura
12:00-12:30	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer
4ª 12:30-13:00	Webex (educ. física)	Webex (música)	Webex (lengua castellana)	Webex (inglés)	Webex (ciencias sociais)
13:00-13:15	Traballo do alumno/a (educ. física)	Traballo do alumno/a (música)	Traballo do alumno/a (lengua castellana)	Traballo do alumno/a (inglés)	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)
5ª 13:15-13:45	Webex (ciencias natureza)	Webex (ciencias sociais)	Webex (arts&crafts)*	Webex (ciencias natureza)	Webex (inglés)
13:45-14:00	Traballo do alumno/a (ciencias natureza)	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)	Traballo do alumno/a (arts&crafts)	Traballo do alumno/a (ciencias natureza)	Traballo do alumno/a (inglés)
16:00-17:00	Reunións de coordinación profesorado				
17:00-18:00	Titoría alumnado				
18:00-19:00	Titoría familias				

HORARIO ESPELLO 6ºA - Alfonso González 2020/2021

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª 9:00-9:30	Webex (matemáticas)	Webex (lengua castellana)	Webex (matemáticas)	Webex (lengua castellana)	Webex (matemáticas)
9:30-9:50	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (lengua castellana)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (lengua castellana)	Traballo do alumno/a (matemáticas)
2ª 9:50-10:20	Webex (ciencias sociais)	Webex (matemáticas)	Webex (lingua galega)	Webex (música)	Webex (educ. física)
10:20-10:40	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (música)	Traballo do alumno/a (educ. física)
3ª 10:40-11:10	Webex (inglés)	Webex (inglés)	Webex (ciencias sociais)	Webex (matemáticas)	Webex (lengua castellana)
11:10-11:30	Traballo do alumno/a (inglés)	Traballo do alumno/a (inglés)	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (lengua castellana)
11:30-12:00	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura
12:00-12:30	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer
4ª 12:30-13:00	Webex (lingua galega)	Webex (lingua galega)	Webex (educ. física)	Webex (lingua galega)	Webex (ciencias sociais)
13:00-13:15	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (educ. física)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)
5ª 13:15-13:45	Webex (arts&crafts)	Webex (ciencias natureza)	Webex (inglés)	Webex (ciencias natureza)	Webex (relixión/valores)
13:45-14:00	Traballo do alumno/a (arts&crafts)	Traballo do alumno/a (ciencias natureza)	Traballo do alumno/a (inglés)	Traballo do alumno/a (ciencias natureza)	Traballo do alumno/a (relixión/valores)
16:00-17:00	Reunións de coordinación profesorado				
17:00-18:00	Titoría alumnado				
18:00-19:00	Titoría familias				

HORARIO ESPELLO 6ºB - Marta Vázquez 2020/2021

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª 9:00-9:30	Webex (matemáticas)	Webex (matemáticas)	Webex (inglés)	Webex (música)	Webex (educ. física)
9:30-9:50	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (inglés)	Traballo do alumno/a (música)	Traballo do alumno/a (educ. física)
2ª 9:50-10:20	Webex (inglés)	Webex (educ. física)	Webex (matemáticas)	Webex (matemáticas)	Webex (matemáticas)
10:20-10:40	Traballo do alumno/a (inglés)	Traballo do alumno/a (educ. física)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (matemáticas)	Traballo do alumno/a (matemáticas)
3ª 10:40-11:10	Webex (lengua castellana)	Webex (ciencias natureza)	Webex (lengua castellana)	Webex (lingua galega)	Webex (lengua castellana)
11:10-11:30	Traballo do alumno/a (lengua castellana)	Traballo do alumno/a (ciencias natureza)	Traballo do alumno/a (lengua castellana)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (lengua castellana)
11:30-12:00	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura
12:00-12:30	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer	Tempo de lecer
4ª 12:30-13:00	Webex (ciencias sociais)	Webex (lingua galega)	Webex (ciencias sociais)	Webex (ciencias natureza)	Webex (ciencias sociais)
13:00-13:15	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)	Traballo do alumno/a (ciencias natureza)	Traballo do alumno/a (ciencias sociais)
5ª 13:15-13:45	Webex (relixión/valores)	Webex (arts&crafts)	Webex (lingua galega)	Webex (inglés)	Webex (lingua galega)
13:45-14:00	Traballo do alumno/a (relixión/valores)	Traballo do alumno/a (arts&crafts)	Traballo do alumno/a (lingua galega)	Traballo do alumno/a (inglés)	Traballo do alumno/a (lingua galega)
16:00-17:00	Reunións de coordinación profesorado				
17:00-18:00	Titoría alumnado				
18:00-19:00	Titoría familias				